



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

REGULAMENTO DA VII CARREIRA VIQUINGA CONCELLO DE CARNOTA

Nesta competición poden participar todas aquelas persoas que o desexen, tanto nenos/as como adultos/as.

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIAS
Pitufos	2012 - 2015	300 m
Cativos I	2008 - 2011	1.000 m
Cativos II	2004 - 2007	3.000 m
Sénior	1970 - 2003	19.000 m
M50	1969 e anteriores	19.000 m

NORMATIVA XERAL

1. A carreira estará controlada mediante cronometraxe electrónica.
2. A proba para maiores de 16 anos terá unha **distancia** de 19.000 metros. Para os Pitufos, 300 metros; para os Cativos I, 1.000 metros e para os Cativos II, 3.000 metros.
3. A **saída** estará situada na Casa do Concello.
**Nota: os horarios non están libres de sufrir algunha modificación se se presenta algún imprevisto de última hora. No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente.*
4. O comezo da carreira das categorías Sénior e M50 será ás 10:30 h, aproximadamente.
As categorías base correrán mentres se leva a cabo a carreira das categorías Sénior e M50. Os Cativos II comezarán a súa carreira ás 10:45 horas, os Cativos I ás 11:15 e os Pitufos ás 11:30 horas, aproximadamente.
5. A organización da proba resérvase o dereito a modificar os horarios ou o percorrido, así como a aprazar ou suspender a carreira, se así o estima oportuno, por razóns climatolóxicas ou de seguridade.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

6. Os/as atletas que, durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira considéranse, para todos os efectos, usuarios normais da vía.
7. Toda persoa que corra sen estar inscrita farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
8. Cada participante toma parte na carreira baixo a súa responsabilidade e ha de ter un nivel de condición física e saúde suficiente para afrontala.
9. Debido ao carácter estritamente deportivo e popular da proba, non se admitirán reclamacións. A participación é libre e leva implícita a aceptación do Regulamento xeral da proba. O Concello de Carnota non se fará responsable dos danos físicos, morais ou materiais que ocasione a participación nesta carreira. Os aspectos non recollidos neste Regulamento resolveranse segundo o criterio da comisión organizadora, cuxas decisións serán inapelables.
10. A organización porá á disposición das persoas participantes un servizo de **ambulancia** para os/as atletas que presenten algún síntoma ou lesión durante a proba.
11. A organización non pode garantir a cobertura ao longo de todo o percorrido.
12. Ofrécese un servizo de **gardarroupa** para todo aquel corredor ou corredora que o precise. Estará situado na casa do concello.
13. A organización pon á disposición dos/das participantes na carreira o Pavillón Polideportivo Municipal de Carnota para que se poidan asear.
14. O **tempo máximo** de duración da proba será de 2:00 h, a partir da entrada en meta do primeiro corredor ou corredora. A partir dese intre, os corredores e as corredoras que permanezan en ruta deberán abandonala e non se garantirá a súa cobertura.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

15. Existirá un posto de avituallamento intermedio, aproximadamente no quilómetro 8, no que se habilitarán papeleiras para tirar os residuos.
16. Está prohibido tirar desperdicios ou envoltorios ao longo da carreira. No avituallamento haberá servizo de recollida de desperdicios.
17. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os autorizados pola organización.
18. En caso de retirada, avisarase ao persoal da organización.
19. Non se permite o acompañamento de animais.
20. Os/as participantes autorizan a organización a rexistrar total ou parcialmente a súa participación mediante fotos, vídeos, televisión ou calquera outro medio de difusión.
21. As categorías Pitufos, Cativo I e Cativos II participarán a prol da campaña de Unicef(Gotas para Níxer). No momento da recollida do dorsal, terán unha urna, na cal poden colaborar con calquera tipo de donativo para esta campaña. Ademáis calquera persoa que o desexe podrá colaborar nesta iniciativa co seu donativo.

INSCRICIÓNS

Os/as deportistas inscritos/as comprométese a aceptar estritamente o presente regulamento e calquera posible modificación.

1. Para formalizar a inscrición deberase cubrir o formulario habilitado na páxina web www.galitiming.com ou www.carnota.gal
2. Termos e prezos das **inscricións**:
 - As inscricións efectuaranse na páxina **www.galitiming.com** ou en **www.carnota.gal** e poderanse facer ata o **mércores 17 de abril ás 23:59 h.**



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

- A solicitude de inscrición para os/as deportistas menores de idade deberá ir acompañada dunha autorización paterna/materna, segundo o modelo establecido pola organización. O dito modelo, que se pode descargar na páxina web www.galitiming.com ou na páxina web do Concello (www.carnota.gal), deberá imprimirse e presentarse debidamente cuberto e asinado á hora de recoller o dorsal ou no Departamento de Deportes do Concello de Carnota.
 - O prezo de cada inscrición será de **5€**.
 - A inscrición para os/as atletas menores de idade será **gratuíta**.
 - Non será posible formalizar inscricións fóra de prazo.
 - En ningún caso se devolverá o importe da inscrición.
3. A **entrega de dorsais** abrirase ás 09:00 horas na Casa do Concello e permanecerá aberta ata 15 minutos antes do inicio da proba.
4. Calquera atleta con problemas médicos (alergia, atencións especiais, etc.) deberá facelo constar no reverso do dorsal da proba.
5. As **inscricións** realizaranse nos lugares que se indican no regulamento, dentro dos prazos sinalados. Quen non se axuste a estas indicacións non poderá participar na proba.

CLASIFICACIÓNS, TROFEOS, MEDALLAS E A SÚA ENTREGA

1. Establécense os seguintes **premios**:
- Trofeo ou medalla aos/ás 3 primeiros clasificados e clasificadas da categoría Sénior e M50.
 - Trofeo ao/á mellor clasificado/a empadroado/a ou nado/a no concello de Carnota.
 - Medalla para todas as persoas participantes nas categorías base. Na categoría Pitufos levarán medalla todos/as os/as participantes. Nas categorías Cativos I e Cativos II, levarán medalla todos/as os/as participantes, e subirán ao podio os/as tres primeiros/as de cada unha destas categorías.



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

- Agasallo conmemorativo para todas as persoas participantes na carreira.
2. As clasificacións da carreira poderán consultarse na páxina web de Galitiming.

PERCORRIDOS E HORARIOS

CATEGORÍA	IDADES	DISTANCIA	HORARIOS	
Pitufo	Mixto	2012 – 2015	300 m (aprox.)	11:30 horas
Cativos I	Masculino	2008 – 2011	1.000 m (aprox.)	11:15 horas
	Feminino			
Cativos II	Masculino	2004 – 2007	3.000 m (aprox.)	10:45 horas
	Feminino			
Sénior	Masculino	2003- 1970	19.000 m (aprox.)	10:30 horas
	Feminino			
M50	Masculino	1969 e anteriores	19.000 m (aprox.)	10:30 horas
	Feminino			


SÉNIOR E M50

O percorrido e o track das categorías Sénior e M50 poderase consultar en <https://es.wikiloc.com/rutas-carrera-por-montana/carreira-vikinga-2019-carnota-33303015>



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251




PITUFOS



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251




CATIVOS I



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251




CATIVOS II



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251



**Nota: os horarios non están libres de sufrir algunha modificación se se presenta algún imprevisto de última hora. No caso de que para o día da celebración da proba se decrete unha alerta laranxa, a proba será suspendida automaticamente.*

MAPA DOS SERVIZOS



CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Tel.: 981 857032
Fax: 981 857251

